



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2021000011128

RESOLUCIÓN NÚMERO 35687 DO 10/09/2021 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN 2021-ÁREA DE CIENCIAS

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia n.º 32175, do 06/08/2021, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas de investigación 2021-Área de ciencias e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

No dito prazo non se presentaron desistencias, alegacións ou emendas.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: DE CASTRO DE ANTONIO, MARÍA EUGENIA

NIF: ***0070**

Expediente: 2021000027091

Título do proxecto obxecto da bolsa: *Proteína GALGOS: Estudos de cristalización e produción de oligosacáridos fucosilados*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: CARBALLEIRA COEGO, AMABLE RAFAEL

NIF: ***7169**

Expediente: 2021000027036

Título do proxecto obxecto da bolsa: *El potencial de la hidroquímica y las comunidades de diatomeas en la evaluación del estado de conservación de las turberas de Galicia*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: GONZÁLEZ CASTELLANO, INÉS

NIF: ***4532**

Expediente: 2021000025574

Título do proxecto obxecto da bolsa: *Xenética da conservación en bolboretas e aves endémicas ou protexidas*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: ESPERANZA LLERA, MARTA

NIF: ***1834**

Expediente: 2021000025234

Título do proxecto obxecto da bolsa: *Loita contra os contaminantes emerxentes: uso de microalgas como organismos biosensores*

Importe da bolsa: 10.000 €

2.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, por importe de 40.000 €.

O gasto imputarase aos documentos contable seguintes:

- "A" núm. de operación 220210010517 por importe de 30.000,00 € para a concesión das tres bolsas previstas nas bases da convocatoria.

- "A" núm. operación 220210040950 por importe de 10.000,00 € para afrontar o gasto derivado da asignación de unha bolsa máis autorizada pola R.P. núm. 32175 do 06/08/2021

3.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Seoane Méndez, Marta

Suplente 2: Gómez Ojea, Rebeca

Suplente 3: Colchón Pierna, Esther

Suplente 4: Saavedra Bouza, Almudena

4.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.